

V VOLTA MTB “TERRA NERIA”

Regulamento particular da marcha

- 1- O Club Ciclista Cee, coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e de acordo co Regulamento de Cicloturismo da R.F.E.C., organiza a **V VOLTA MTB “TERRA NERIA”** a celebrar o domingo 23 de outubro de 2016.
- 2- Na marcha poderá participar calquera ciclista maior de idade, ou maior de 15 anos con autorización paterna, que teña licenza federativa do ano en curso. En caso de non ter dita licenza, poderá tramitar a licenza dun día (válida só durante a celebración da marcha) cun custo de 15€ e cuxa póliza cobre responsabilidade civil e accidentes.
- 3- A **V VOLTA MTB “TERRA NERIA”** é una proba non competitiva que terá lugar na data programada por camiños e pistas dos concellos de Cee e Fisterra (A Coruña). A saída terá lugar no Pavillón Polideportivo de Cee ás 09:30h. e o remate será aproximadamente ás 14:30h. no mesmo lugar. Excepto os dous primeiros quilómetros, de percorrido urbano, a ruta será de velocidade libre e constará dun único itinerario duns 40Kms. de lonxitude, que nalgún tramo pasará por zonas abertas ao tráfico, polo que os participantes deberán respectar en todo momento as Normas de Tráfico e Seguridade Viaria, así como as ordes e indicacións dos membros da organización e do persoal de seguridade e cuxo incumprimento dará lugar á exclusión da proba.
- 4- As inscricións efectuaránse exclusivamente na páxina web www.emesports.es. O importe en concepto de inscrición é de 10€, debendo aboar os cicloturistas non federados un total de 25€ (10€ de inscrición + 15€, importe da licenza dun día). A data límite para formalizar a inscrición será o día 20 de outubro ás 20:00h. Non se permitirán inscricións o mesmo día da proba. O número máximo de participantes establécese en 200.
- 5- O percorrido estará convenientemente sinalizado e controlado por membros do Club Ciclista Cee, persoal de Protección Civil e axentes da Garda Civil de Tráfico.
- 6- É obrigatorio o uso de CASCO PROTECTOR HOMOLOGADO e non se permitirá a saída a quen careza de dita protección.
- 7- O percorrido e a altimetría van en planos adxuntos, segundo os cales o desnivel acumulado é de 1.200m.
- 8- Dificultade física e técnica MEDIA-ALTA.
- 9- A recollida de dorsais farase desde unha hora e media antes do comezo da proba ata o momento da saída da mesma, debendo portarse en lugar visible. Á finalización da ruta, e coa entrega do dorsal, cada participante recibirá un recordo pola súa participación.

- 10- Durante a celebración da marcha, a organización pon ao dispor dos participantes un avituallamento, asistencia mecánica básica, asistencia sanitaria, furgón-vasoira e vehículos de evacuación rápida. Ao finalizar a ruta, disporase no recinto do Pavillón de Deportes de Cee de duchas, lavado de bicicletas, comida e posterior entrega de trofeos ás diferentes categorías: participante máis novo, participante máis veterano, club máis numeroso e club máis lonxano (cun mínimo de tres participantes).
- 11- A organización non se responsabilizará dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante a proba, nin dos extravíos ou avarías que puideran sufrir as bicicletas ou outro equipamento persoal dos mesmos.
- 12- A organización resérvase o dereito a realizar calquera modificación en canto a percorrido, avituallamentos, agasallos ou calquera outro punto que crea conveniente, cando circunstancias extraordinarias ou a seguridade da proba así o requiran.
- 13- A inscrición na **V VOLTA MTB "TERRA NERIA"** conleva a aceptación, a todos os efectos, de todos e cada un dos artigos do presente regulamento.